



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

# PROGRAMACIÓN 5º PRIMARIA

## CIENCIAS NATURAIS

CPI TINO GRANDÍO

CURSO 2018/2019



**UNION EUROPEA**  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

## ÍNDICE

- 1. Introducción e contextualización.**
- 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.**
- 3. Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.**
- 4. Concreción dos obxectivos para a materia de Ciencias Naturais en 5º EP en termos de competencias clave.**
- 5. Concreción para cada estándar avaliábel de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.**
- 6. Concrecións metodolóxicas da área de Ciencias Naturais .**
- 7. Materiais e recursos didácticos.**
- 8. Criterios de avaliación cualificación e promoción do alumnado.**



**UNION EUROPEA**  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



*Estrada s/n*  
*27211 Guntín - Lugo*  
*Tfno. 982 870 363*  
*cpi.tino.grandio@edu.xunta.es*

- 9. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.**
- 10. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.**
- 11. Medidas de atención á diversidade.**
- 12. Actividades complementarias e extraescolares.**
- 13. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora.**



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

O CPI Tino Grandío está situado no centro do pobo de Guntín. Imparte ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria. A lingua materna dominante é o galego.

O grupo de alumnos e alumnas que conforman 5º de primaria neste curso 2018/2019 está formado por 10 alumnos/as (dúas alumnas e oito alumnos). Un dos alumnos/as o curso pasado presentou certo atraso na súa aprendizaxe que aparentemente está resolto, pero segue precisando unha atención individualizada. Isto mesmo lle sucede a outro alumno que acaba de ser matriculado neste curso e que viña doutro centro educativo.

Esta programación busca potenciar a axilidade do noso alumnado na realización das operacións básicas que é obxecto de especial atención. Poñeremos especial fincapé na resolución de problemas, porque os problemas presentan dificultades derivadas da comprensión lectora, sendo o vocabulario matemático obxecto de análise e reflexión con eles. Por este motivo para mellorar a competencia matemática debemos mellorar a competencia lingüística e prestar especial atención á expresión e comprensión oral e



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

escrita. A través desta área fomentaremos tamén o traballo colaborativo e a interdisciplinariedade que nos permite aplicar os coñecementos matemáticos non só noutras áreas curriculares senón tamén na vida cotiá.

## **2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.**

As competencias son as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e de cada etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos. A área de Ciencias Naturais, polo seu carácter global e interdisciplinar contribúe á adquisición das competencias clave.

As competencias clave do currículo son as seguintes:

### **COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)**

A adquisición de coñecementos relacionados coa área implica necesariamente o uso da lingua, tanto oral como escrita e a adquisición de vocabulario científico e o seu uso nun contexto adecuado. Isto implica o desenvolvemento de habilidades como a capacidade de diálogo, a reflexión, a interpretación, a argumentación, a explicación, a exposición oral, a elaboración de conclusións, a



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

lectura de textos específicos, etc. Isto garante a adquisición da competencia en comunicación lingüística e que se traballan na asigantura a través de proxectos, actividades competenciais, análise e comprensión de textos e vídeos científicos e actividades de debate e cooperativas, onde o alumnado pode expresarse e mostrar o seu dominio da linguaxe científica.

## COMPETENCIA MATEMÁTICA Y COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA Y TECNOLOGÍA (CMCT)

A aprendizaxe das Ciencias Naturais está esencialmente ligado á capacidade do alumnado para coñecer o mundo que o rodea, interactuar con el e comprender os fenómenos físicos e elementos naturais que o constitúen. Para alcanzar este coñecemento, a menudo é necesario o dominio de habilidades matemáticas, que permiten interpretar e predecir fenómenos físicos, calcular magnitudes, analizar e ordear datos ou contabilizar resultados para chegar a conclusións; e o uso de ferramentas tecnolóxicas, que facilitan a búsqueda de información ou a observación (microscopio, lupa binocular...). Por iso, a materia de Ciencias Naturais inclúe numerosos recursos e propostas didácticas que traballan estes tres aspectos de maneira individual ou integrada: simuladores, actividades de conversión e cálculo, actividades de resolución de problemas, actividades para interpretar e realizar gráficos,



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

experimentos e proxectos onde se usan el material de laboratorio y las TIC, observacións ou exploracións de campo, entre outros. A través destas propostas, o alumnado desenvolve o seu pensamento e a súa actitude científica, aprenden a aplicar o método científica, desenvolven o seu interese polo entorno e o respecto polo entorno e adquiren responsabilidades no uso e o desenvolvemento da tecnoloxía.

## COMPETENCIA DIGITAL (CD)

A procura, obtención e tratamento da información a través das TIC é básica para a aprendizaxe das ciencias naturais e o fomento das actitudes e destrezas vinculadas á investigación científica. Tamén o análise crítico que permite ao alumno discriminar os datos científicos rigoroso dos que non o son e a creación de contidos dixitais, fundamentalmente para que este poda expresar o seu coñecemento e evidenciar o aprendido. Por iso, na área de Ciencias Naturais inclúense numerosos recursos e propostas que desenvolven esta competencia e traballan as habilidades citadas: webquest, actividades competenciais centradas na investigación, proxectos e multitude de propostas didácticas individuais e cooperativas que requiren da procura de información e creación de produtos dixitais como presentacións, mapas conceptuais, murais dixitais, cronoloxías...



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

## APRENDER A APRENDER (CAA)

Aprender a aprender é unha das bases da aprendizaxe e a investigación científicas. Por iso, a área de ciencias naturais, a través do seu enfoque e das propostas didácticas que inclúe, promove unha aprendizaxe que fomenta a autonomía do alumnado, invítalle a construír o seu propio coñecemento, a adoptar responsabilidades no proceso e a reflexionar sobre o aprendido. Isto tradúcese na maioría de recursos e actividades de todo tipo integrados na área: desde as propostas didácticas das fichas do mestre, ata as webquest, as actividades competenciais, as actividades abertas de consolidación e, sobre todo, os proxectos.

## COMPETENCIAS SOCIALES Y CÍVICAS (CSC)





UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

O enfoque da área e das actividades e proxectos propostos (investigacións, experimentos, etc) permiten o desenvolvemento de habilidades e actitudes imprescindibles no traballo cooperativo e colaborativo como son a capacidade de diálogo e de resolución de conflitos, a tolerancia, o respecto, o debate ou a comunicación. Estas destrezas trabállanse a través de propostas que promoven a interacción entre alumnos, pero tamén mediante actividades que implican a exploración do entorno, o contacto coas persoas e a realidade que os rodea e a procura de solucións a problemas de tipo social e medioambiental.

### **SENTIDO DA INICIATIVA E DO ESPÍRITU EMPRENDEDOR (CSIEE)**

O traballo científico a menudo require certo nivel de iniciativa, implicación, autonomía e capacidade para tomar decisións. Todas estas destrezas vense desenvoltas en moitas das propostas didácticas da área de ciencias naturais relacionadas coa investigación e a participación, como as webquest e actividades comptenciales de análise, reflexión, debate ou creación ou, en gran medida, os proxectos. Nestos, o alumnado pode desenvolver habilidades estreitamente ligadas ao espírito emprendedor, como a planificación, a xestión, a organización, la negociación e as capacidades para adaptarse ao cambio e autoavaliar o seu traballo.



**UNION EUROPEA**  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

## CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC)

O respecto polo patrimonio medioambiental e a necesidade de protexer os entornoss naturais é un dos valores que se traballa na área, tanto a través dos contidos como de recursos e actividades enfocados a forxar a conciencia ecolóxica do alumnado. Neste sentido, destacan as propostas autonómicas, destinadas a que o alumnado conoza o seu entorno máis próximo e as particularidades que o fan valioso. Por outra banda, tamén se fomenta e valora a imaxinación, a creatividade e o sentido estético na presentación dos distintos traballos que requiren as variadas propostas didácticas da área. Estes poden ser desde presentacións de diapositivas ou informes, ata murais, catálogo, inventarios, maquetas, construcións, etc.

### 3. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS

#### COMPETENCIAIS.

| Competencia clave | Estándar de aprendizaxe |
|-------------------|-------------------------|
|-------------------|-------------------------|



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE Investe no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

|          |  |
|----------|--|
| CCL-CMCT | Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos naturais do seu contorno; utilizando medios de observación directa (lupa, lupa binocular, microscopio etc.) e consultando documentos escritos, imaxes e gráficos; analiza, obtén conclusións e comunica a súa experiencia.                           |
| CAA      | Desenvolve, de forma guiada, estratexias sinxelas adecuadas para acceder á información dos textos de carácter científico.  |
| CSIEE    | Manifesta progresiva autonomía na planificación e na execución de accións e tarefas presentando certa iniciativa na toma de decisións.   |
| CMCT-CCL | Expón oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada, experiencias e tarefas utilizando de xeito adecuado o vocabulario traballado e manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.   |
| CD       | Usa, con axuda, o tratamento de textos (título, axuste de páxina, número de páxina, inserción de ilustracións etc.)  |
| CD       | Fai un uso adecuado das TIC como recurso de lecer.   |
| CD       | Coñece e comprende as medidas de seguridade persoal que debe utilizar no uso das TIC ao seu alcance.   |
| CCL-CD   | Presenta as tarefas de xeito ordenado, claro e limpo en soporte papel e/ou dixital.  |
| CSC      | Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, resolvendo de forma dialogada os conflitos coa axuda dun proceso de conciliación.   |
| CSC      | Coñece e respecta as normas de uso e de seguridade dos instrumentos e dos materiais de traballo (por exemplo no laboratorio, na clase etc.).   |
| CAA      | Leva a cabo experiencias sinxelas e pequenas investigacións sobre o ser humano, a saúde, os seres vivos etc. Iníciase na formulación de problemas enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizándoos, extraendo conclusións sinxelas e comunicando os resultados.  |
| CMCT-CCL | Realiza un proxecto (traballando de forma individual ou en equipo) e presenta un informe utilizando soporte papel e/ou dixital. Recolle información de diferentes fontes (directas, libros e Internet) con diferentes medios e comunica de forma oral a experiencia realizada apoiándose en imaxes, textos escritos en Word e/ou PowerPoint. |
| CMCT     | Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano: relación (órganos dos sentidos, sistema nervioso e aparato locomotor) e nutrición (aparatos respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor), establecendo relacións entre eles e algúns hábitos de saúde.                       |
| CMCT     | Identifica e describe algunhas das principais características das funcións vitais do ser humano: relación, nutrición e reprodución.  |
| CMCT     | Identifica algunhas características do funcionamento do corpo humano en canto a células, tecidos, órganos e aparatos; localizándoos e identificándoos segundo a súa forma e estrutura.   |
| CSC      | Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e o mantemento dos diferentes órganos e aparatos.   |
| CSC-CMCT | Identifica hábitos saudables para previr enfermidades e mantén unha conduta responsable.   |
| CMCT-CSC | Coñece os principios das dietas equilibradas e identifica as prácticas saudables para previr e detectar os riscos para a saúde.  |
| CSC      | Coñece e comprende os efectos nocivos do consumo do alcol e do tabaco, sobre todo en idades temperás.  |
| CMCT-CSC | Observa e identifica algúns avances da ciencia que melloran a saúde (medicina, produción e conservación de alimentos, potabilización da auga etc.).  |
| CMCT     | Coñece e utiliza técnicas básicas de primeiros auxilios para saber axudar en situacións simuladas.   |
| CSC      | Identifica, comprende e describe emocións e sentimentos propios, dos seus compañeiros e dos adultos e manifesta condutas empáticas.  |
| CAA      | Coñece e aplica, habitualmente, estratexias para estudar e traballar de xeito eficaz (por exemplo resumos, esquemas, mapas conceptuais etc.).  |
| CAA      | Reflexiona sobre o traballo realizado e extrae conclusións sobre como traballa e aprende.  |
| CSC-CAA  | Planifica, de forma autónoma, actividades individuais de lecer e tempo libre que repercuten positivamente no seu modo de vida.   |
| CAA      | Manifesta autonomía na planificación e na execución de accións e tarefas sinxelas.   |
| CAA      | Manifesta e desenvolve certa iniciativa na toma de decisións e identifica os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.   |



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE Investe no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

|          |   |
|----------|---|
| CMCT     | Identifica e explica as diferenzas entre seres vivos e seres inertes.   |
| CMCT     | Identifica e describe a estrutura dos seres vivos (células, tecidos, órganos, aparatos e sistemas) e recoñece as principais características e funcións de cada un deles.  |
| CMCT     | Observa e identifica as características e clasifica os seres vivos: reino animal, reino das plantas e reino dos fungos.   |
| CMCT     | Observa (directa e indirectamente), identifica características, recoñece e clasifica animais invertebrados e vertebrados.   |
| CMCT     | Observa (directa e indirectamente), identifica características e clasifica diferentes plantas.  |
| CMCT-CAA | Utiliza, con axuda, guías na identificación de animais e plantas de contornos próximos (parques, arredores da localidade, montes próximos, ribeiras, bosques etc.).   |
| CMCT     | Coñece e comprende a importancia da fotosíntese para a vida na Terra.   |
| CMCT     | Identifica e explica as relacións entre os seres vivos: cadeas alimentarias, poboacións e ecosistemas.  |
| CMCT     | Identifica e explica, oralmente ou por escrito, algunhas das causas da extinción de especies.   |
| CMCT     | Observa e identifica as principais características e compoñentes dun ecosistema.  |
| CMCT     | Recoñece e explica algúns ecosistemas (pradaría, litoral, cidade etc.) e os seres vivos que habitan neles.  |
| CMCT     | Observa e identifica diferentes hábitats dos seres vivos.   |
| CSC      | Mostra condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.   |
| CMCT-CD  | Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utilizando os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados, manifestando certo rigor na observación e na comunicación oral e escrita dos resultados (por exemplo un caderno de campo, un proxecto etc.). |
| CSC      | Respecta e comprende as normas de uso e de seguridade dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo.  |
| CMCT     | Observa, identifica e clasifica algúns materiais polas súas propiedades (tamaño, son que produce, temperatura, dureza, textura, solubilidade, flotabilidade, peso/masa etc.).   |
| CMCT     | Utiliza diferentes procedementos para a medida da masa e do volume dun corpo (por exemplo a balanza, a báscula e a probeta).  |
| CMCT     | Identifica e explica fenómenos físicos observables en termos de densidade (por exemplo con auga e aceite).  |
| CMCT     | Identifica e explica as principais características da flotabilidade nun medio líquido.  |
| CMCT     | Coñece as leis básicas que rexen o cambio de estado e as reaccións químicas: a combustión e a oxidación.  |
| CMCT     | Planifica e realiza experiencias sinxelas e predí cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos por efecto das forzas comunicando o proceso seguido e o resultado obtido.  |
| CMCT     | Identifica e explica algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía: mecánica, lumínica, sonora, eléctrica, térmica e química.  |
| CMCT     | Identifica e explica algunhas das principais características das enerxías renovables e non-renovables, identificando, coa axuda do docente, as diferentes fontes de enerxía e as materias primas en Galicia e a orixe da que proveñen.  |
| CMCT-CSC | Identifica e explica os beneficios e os riscos relacionados coa utilización da enerxía: esgotamento, chuva ácida e radioactividade.   |
| CMCT     | Realiza experiencias sinxelas (por exemplo no laboratorio, na aula etc.) para separar os compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución, comunicando de forma escrita e/ou oral o proceso seguido.   |
| CMCT     | Identifica as principais características das reaccións químicas; combustión, oxidación e fermentación.  |
| CMCT     | Explica os efectos da calor no aumento da temperatura e na dilatación dalgúns materiais.  |



**UNION EUROPEA**  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

|            |   |
|------------|---|
| CMCT       | Identifica e experimenta algúns cambios de estado e a súa reversibilidade.  |
| CMCT       | Investiga a través da realización de experiencias sinxelas (por exemplo no laboratorio, na aula etc.) sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia: suscitando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, extraendo conclusións, comunicando resultados e manifestando competencia, coa axuda do docente, en cada unha das fases. |
| CMCT       | Investiga e realiza experiencias sinxelas (por exemplo no laboratorio, na clase, no patio, etc.) para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica e o cambio de estado.  |
| CSC        | Coñece, comprende e respecta as normas de uso e de seguridade dos instrumentos e dos materiais de traballo na aula e no centro.   |
| CMCT       | Identifica diferentes tipos de máquinas do seu contexto próximo e clasifícaaas segundo o número de pezas e o xeito de accionalas.   |
| CMCT       | Observa, identifica e describe algúns dos compoñentes das máquinas máis habituais do seu contexto próximo.  |
| CMCT       | Observa e identifica algunha das aplicacións de máquinas que non están asociadas ao contexto próximo do alumnado e a súa utilidade para facilitar as actividades humanas.   |
| CSIEE      | Constrúe, coa axuda do docente, algunha estrutura sinxela que cumpra unha función ou condición para resolver un problema sinxelo a partir de pezas moduladas (escaleira, ponte, tobogán etc.).  |
| CMCT-CSIEE | Identifica e constrúe, coa axuda do docente, un circuío eléctrico sinxelo: pila, cables, lámpadas, motor e interruptor.   |
| CMCT       | Observa e identifica algúns efectos da electricidade.   |
| CMCT       | Expón exemplos de materiais condutores e illantes.  |
| CMCT       | Observa e identifica as principais características dos imáns.   |
| CSC        | Coñece algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.  |
| CCL        | Elabora un informe como técnica para o rexistro dun plan de traballo, comunicando de forma escrita as conclusións.  |
| CSC        | Describe a influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e no traballo.  |
| CSC        | Coñece algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine, no deporte e nas TIC.   |
| CD         | Efectúa procuras guiadas de información na rede relacionadas con aspectos vinculados ao seu contexto próximo.   |
| CD         | Coñece estratexias de acceso e traballo en Internet.  |
| CD         | Utiliza, coa axuda do docente, algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar.   |



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

#### **4. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA A MATERIA DE CIENCIAS NATURAIS EN 5º EP EN TERMOS DE COMPETENCIAS**

##### **CLAVE.**

1. Coñecer as propiedades da materia e dos materiais e os cambios físicos e químicos da materia para recoñecelos no contorno físico cotián. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)
2. Utilizar operacións matemáticas para expresar algunhas magnitudes (masa, volume e densidade) nas unidades adecuadas. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia lóxica e matemática)
3. Coñecer as principais formas de enerxía, os cambios que provocan na materia, as distintas formas de obter enerxía e como usala de forma responsable. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)
4. Coñecer que a célula é a unidade estrutural básica dos seres vivos e comprender a súa importancia na organización dos tecidos, dos órganos e dos sistemas do corpo humano (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

5. Distinguir os diferentes reinos dos seres vivos e as características que definen a cada un dos reinos. (Ciencia e Tecnoloxía; Aprender a aprender / Intelixencias naturalista)
  
6. Distinguir os animais vertebrados dos invertebrados, así como a características de cada un destes grupos e a súa clasificación. (Ciencia e Tecnoloxía; Aprender a aprender / Intelixencias naturalista e intrapersoal)
  
7. Identificar e adoptar hábitos de saúde e hixiene, así como técnicas de primeiros auxilios para previr enfermidades infecciosas e enfermidades relacionadas co bo funcionamento dos órganos e dos sistemas do corpo humano. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)
  
8. Identificar os órganos do sistema nervioso, o aparato locomotor e a función que realiza cada un para unha mellor comprensión do corpo humano, así como a importancia duns hábitos de saúde correctos para manter o seu bo estado. (Matemática. Ciencia e





UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

tecnoloxía / Intelixencia naturalista)

9. Identificar os compoñentes dun ecosistema e as características que os definen para determinar as relacións que se establecen entre os seres vivos que habitan alí, así como as actuacións que ocasionan desequilibrios co fin de evitalas ou reducir o seu impacto.

(Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)

10. Recoñecer as partes dunha planta, as súas funcións e a fotosíntese para valorar a importancia deste proceso na renovación do aire. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)

11. Adoptar actitudes de respecto polo medio físico e polos seres vivos que o habitan co fin de fomentar o equilibrio dinámico da natureza e o mantemento do contorno natural. (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersonal)

12. Describir fenómenos físicos de forma estruturada e co vocabulario adecuado. (Comunicación lingüística / Intelixencia lingüística e





UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

verbal)

13. Iniciarse na utilización das TIC cun espírito crítico. (Dixital / Intelixencia lingüística e verbal)

14. Tomar decisións reflexionando e valorando posibilidades de maneira autónoma e responsable para facer fronte a situacións cotiás.

(Iniciativa emprendedora / Intelixencia intrapersoal)

15. Participar das iniciativas que xurdan do grupo cooperando como parte dun proxecto común. (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersonal)

16. Establecer conxecturas, comprobacións e conclusións respecto a feitos que suceden dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a partir de pequenos experimentos ou experiencias. (Matemática. Ciencia e Tecnoloxía; Iniciativa emprendedora; Aprender a aprender / Intelixencias naturalista e intrapersoal)

## 5. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR AVALIABLE DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN

### PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

| <b>BLOQUE 1: INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA</b>  |  | Unidades didácticas nas que se desenvolven: da 1 á 6  |
|--|--|---|
| <b>Contidos</b>  | <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Estándares de aprendizaxe</b>  |
| <p>1. Iniciación á actividade científica.</p> <p>2. Emprego de diferentes fontes de información.</p> <p>3. Lectura de textos propios da área.</p> <p>4. Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para buscar e seleccionar información, simular procesos e comunicar conclusións sobre os traballos realizados.</p> <p>5. Uso progresivamente autónomo do tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas, imaxes etc.).</p> <p>6. Xestión de ficheiros.</p> | <p>1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directas e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.</p> | <p>1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analiza, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes soportes.</p> <p>1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.</p> <p>1.3. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc.).</p> <p>1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.</p> <p>1.5. Efectúa búsquedas guiadas de información na rede.</p> <p>1.6. Coñece e aplica estratexias de acceso e traballo na rede.</p> |

|  |   |   |
|--|---|---|
| <p>7. Aproximación experimental a cuestións científicas próximas á súa realidade.</p> <p>8. Traballo individual e cooperativo.</p> <p>9. A igualdade entre homes e mulleres.</p> <p>10. A conduta responsable.</p> <p>11. A relación cos demais. A resolución pacífica de conflitos.</p> <p>12. Toma de decisións: criterios e consecuencias.</p> <p>13. Desenvolvemento de hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade. Técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo individual.</p> <p>14. Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes na aula e no centro.</p> <p>15. Emprego de diversos materiais, tendo en conta as normas de seguridade.</p> <p>16. Elaboración de protocolos de uso das TIC na aula.</p> <p>17. Valoración da necesidade de controlar o tempo destinado ás tecnoloxías da información e da comunicación e do seu poder de adicción.</p> <p>18. Planificación e realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións, formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, montando, realizando e extraendo conclusións e presentando</p> | <p>2. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a través dun experimento ou dunha experiencia.</p> <p>3. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo un uso adecuado dos materiais.</p> <p>4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.</p> | <p>2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</p> <p>3.1. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos</p> <p>3.2. Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación.</p> <p>3.3. Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar.</p> <p>4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.</p> <p>4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita,</p> |
|--|---|---|

|                                  |  |   |
|----------------------------------|--|---|
| informes en diferentes soportes. |  | empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, Internet...) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións. |
|----------------------------------|--|---|

| <b>BLOQUE 2: O SER HUMANO E A SAÚDE</b>  |   | Unidades didácticas nas que se desenvolven: 5, 6  |
|--|---|---|
| <b>Contidos</b>  | <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Estándares de aprendizaxe</b>  |
| <p>1. As funcións vitais no ser humano: recoñecemento da nutrición como unha función vital para os seres humanos.</p> <p>2. Identificación dos aparatos e sistemas relacionados con ela (sistemas respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor).</p> <p>3. Recoñecemento das características básicas do aparato reprodutor humano e das diferenzas entre sexos. Funcionamento do aparato reprodutor.</p> <p>4. Descrición dos sentidos e do sistema nervioso e valoración da súa importancia en relación co medio e co resto dos seres humanos.</p> <p>5. O aparato locomotor.</p> | <p>1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles.</p> | <p>1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano.</p> <p>1.2. Identifica as principais características dos sistemas e aparatos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.</p> |

|  |   |  |
|--|---|--|
| <p>6. Saúde e enfermidade. Principais enfermidades que afectan aos aparatos e sistemas do organismo humano.</p> <p>7. Hábitos saudables para previr enfermidades.</p> <p>8. Trastornos alimenticios.</p> <p>9. Efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.</p> <p>10. Tipos de dietas. Elaboración de menús saudables. Clasificación de alimentos. Análise de etiquetas de produtos.</p> | <p>2. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e coñecendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida.</p> | <p>2.1. Investiga sobre enfermidades relacionadas cunha alimentación inadecuada e presenta conclusións en diversos soportes.</p> <p>2.2. Coñece os principios das dietas equilibradas e elabora menús variados identificando as prácticas saudables.</p> <p>2.3. Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.</p> |
|--|---|--|

| <b>BLOQUE 3: OS SERES VIVOS</b>   |   | Unidades didácticas nas que se desenvolven: 3, 4   |
|---|---|--|
| <b>Contidos</b>   | <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Estándares de aprendizaxe</b>   |
| <p>1. Seres vivos e seres inertes. Diferenciación.</p> <p>2. Organización interna dos seres vivos e estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparatos e sistemas (principais características e funcións).</p> <p>3. Os seres vivos: características, clasificación e tipos.</p> <p>4. Os animais vertebrados e invertebrados características e clasificación.</p> <p>5. As plantas: a estrutura e a fisioloxía. A fotosíntese.</p> <p>6. As relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias.</p> <p>7. Características e compoñentes dun ecosistema.</p> <p>8. Observación e estudo dun ecosistema próximo, recoller datos, facer hipóteses e recoller os resultados en diferentes soportes.</p> <p>9. Actuacións humanas que modifican o medio natural. Extinción de especies.</p> | <p>1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparatos e sistemas. Identificar as principais características e funcións.</p> <p>2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.</p> <p>3. Investigar as características dos ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.</p> | <p>1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparatos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un.</p> <p>2.1. Clasifica os seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino. Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos.</p> <p>2.2. Utiliza guías na identificación científica de animais vertebrados, invertebrados e plantas.</p> <p>3.1. Coñece e explica, con rigorosidade, as principais características e compoñentes dun ecosistema.</p> <p>3.2. Investiga con criterio científico, ecosistemas próximos e presenta resultados en diferentes soportes.</p> <p>3.3. Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de</p> |

|   |  |   |
|---|--|---|
| <p>10. Interese pola observación e polo estudo rigoroso de todos os seres vivos.</p> <p>11. Emprego de medios tecnolóxicos para o estudo dos seres vivos.</p> |  | <p>especies e explica algunhas actuacións para o seu coidado.</p> <p>3.4. Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos para a observación científica.</p> <p>3.5. Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utiliza os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados e comunica de xeito oral e escrito os resultados.</p> |
|---|--|---|



| <b>BLOQUE 4: MATERIA E ENERXÍA</b>   |   | Unidades didácticas nas que se desenvolven: 1, 2   |
|--|---|--|
| <b>Contidos</b>  | <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Estándares de aprendizaxe</b>   |
| <p>1. Comparación e clasificación dos materiais segundo propiedades físicas observables: dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica.</p> <p>2. Diferentes procedementos para a medida da masa e do volume dun corpo.</p> <p>3. Explicación de fenómenos físicos observables en termos de diferenzas de densidade. A flotación nun medio líquido.</p> <p>4. Fontes de enerxía e materias primas: a súa orixe. Enerxías renovables e non-renovables.</p> <p>5. Fontes de enerxías renovables e non-renovables. O desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo.</p> <p>6. Realización de experiencias sinxelas sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá e doméstica: a combustión, a oxidación e a fermentación.</p> | <p>1. Coñecer e comparar para clasificar materiais segundo as súas propiedades observables: dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica.</p> <p>2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para determinar: a masa e o volume dun corpo e as principais características da flotación dos corpos.</p> <p>3. Identificar e explicar as características das fontes de enerxía renovables e non-renovables e a súa influencia no desenvolvemento sostible.</p> <p>4. Realizar experiencias sinxelas de forma cooperativa sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá, formular problemas, enunciación hipóteses, seleccionar o</p> | <p>1.1. Coñece e clasifica materiais segundo as súas propiedades (dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica).</p> <p>2.1. Utiliza diferentes procedementos para determinar a medida da masa e do volume dun corpo.</p> <p>2.2. Describe a diferenza entre masa e volume.</p> <p>2.3. Identifica e explica as principais características da flotación nun medio líquido.</p> <p>3.1. Identifica e explica as diferenzas entre enerxías renovables e non-renovables e argumenta sobre as accións necesarias para o desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo.</p> <p>4.4.1. Realiza experiencias sinxelas en equipo sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá, formular problemas, enunciación hipóteses, seleccionar o material</p> |

|   |  |  |
|---|--|--|
| <p>7. Identificación de produtos químicos habituais no fogar e dos posibles riscos para o organismo.</p> <p>8. Identificación na etiquetaxe dos símbolos de perigo máis comúns.</p> | <p>material necesario, extraer conclusións e comunicar os resultados en diferentes soportes.</p> | <p>necesario, extraer conclusións e comunicar os resultados en diferentes soportes.</p> <p>4.2. Identifica produtos químicos habituais no fogar e os posibles riscos para o organismo.</p> <p>4.3. Identifica e explica os símbolos de perigo máis comúns na etiquetaxe.</p> <p>4.4. Respecta as normas de uso, de seguridade, de conservación e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo, na aula e no centro.</p> |
|---|--|--|

| <b>BLOQUE 5: A TECNOLOXÍA. OBXECTOS E MÁQUINAS</b>   |   | Unidades didácticas nas que se desenvolven: 2  |
|--|---|--|
| <b>Contidos</b>  | <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Estándares de aprendizaxe</b>   |
| <p>1. Uso das máquinas eléctricas na vida cotiá e doméstica. Normas de seguridade.</p> <p>2. As máquinas eléctricas.</p> <p>3. A transmisión da electricidade.</p> <p>4. Elementos dos circuitos eléctricos.</p> <p>5. Efectos da electricidade.</p> <p>6. Condutores e illantes.</p> <p>7. A ciencia: presente e futuro da sociedade. Beneficios e riscos das tecnoloxías e dos produtos. Importantes</p> | <p>1. Planificar e construír, de forma cooperativa, un circuito eléctrico simple que responda a un problema dado, atendendo ás normas de seguridade.</p> <p>2. Investigar sobre a evolución dun obxecto, aparello ou máquina ao longo da historia, utilizando distintas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes.</p> | <p>1.1. Observa e identifica os elementos dun circuito eléctrico e constrúe un.</p> <p>1.2. Observa, identifica e explica algúns efectos da electricidade da vida cotiá.</p> <p>1.3. Expón exemplos de materiais condutores e illantes, argumentado a súa exposición.</p> <p>2.1. Coñece algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade e explica os beneficios ou riscos para a sociedade.</p> <p>2.2. Valora e describe a influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e no traballo.</p> <p>2.3. Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer,</p> |

descubrimientos e inventos.

na arte, na música, no cine, no deporte e nas tecnoloxías da información e da comunicación.

## **Unidade 1: A MATERIA**

### **1. Obxectivos en termos de competencias e relación coas IIMM**

1. Coñecer as propiedades da materia e diferenciar entre propiedades xerais e específicas para identificalas nos materiais do contorno cotián. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)
2. Recoñecer os estados da materia, as súas propiedades e os cambios de estado aos que está sometida para distinguilos no contorno cotián. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)
3. Diferenciar os cambios físicos e químicos da materia para recoñecelos no contorno físico cotián. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)
4. Valorar a importancia do coñecemento científico para comprender a natureza dos materiais, as súas propiedades e os seus usos. (Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)

5. Describir fenómenos físicos de forma estructurada e co vocabulario adecuado. (Comunicación lingüística / Intelixencia lingüística e verbal)

6. Analizar a natureza e as propiedades dos materiais e elixir, reflexionando e sopesando posibilidades de maneira autónoma e responsable, os máis aptos para elaborar un obxecto decorativo. (Iniciativa emprendedora / Intelixencia intrapersoal)

7. Utilizar operacións matemáticas para expresar a densidade nas unidades adecuadas. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia lóxica e matemática)

## 2. Relación Contidos /Criterios de avaliación / Estándares de aprendizaxe

| Contidos  | Criterios de Avaliación   | Estándares de aprendizaxe   |
|---|---|---|
| MAT  | Utiliza instrumentos de debuxo e aplicacións informáticas sinxelas para a construción e exploración de formas xeométricas do seu contorno.  |                    |
| MAT  | Realiza un proxecto relacionado co contorno inmediato elaborando e presentando un informe con documentos dixitais (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, mapa conceptual etc.), buscando, analizando e seleccionando a información relevante, utilizando a ferramenta tecnolóxica adecuada e compartíndoo cos seus compañeiros. |                    |
| LGL  | Aplica os medios informáticos sobre traballos dados polo profesor para obter información.   |                    |
| LGL  | Afiánzase no uso de Internet e das TIC: reprodutor de vídeo, reprodutor de DVD, ordenador, reprodutor de CD-audio, cámara de fotos dixital e gravadora de audio como recursos para a realización de tarefas diversas: escribir e modificar un texto, crear táboas e gráficas etc.   |                    |
| LGL  | Utiliza distintos programas educativos dixitais como apoio e reforzo da aprendizaxe e aproveita o soporte dixital e as súas posibilidades para dar forma a intercambios comunicativos.  |                    |
| LGL  | Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá: diarios, opinións e entradas en blogs, cartas, correos electrónicos, noticias e periódicos imitando textos modelo ou sen referencia.   |                    |
| LGL  | Utiliza habitualmente fontes en formato papel e dixital (diccionario, Internet etc.) no proceso da escritura de forma autónoma e por iniciativa persoal ou respondendo a unha solicitude.   |                    |
| LGL  | Presenta informes e traballos máis extensos de forma ordenada e clara, utilizando soporte papel e dixital, sobre problemas ou situacións sinxelas, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros e Internet), seguindo un plan de traballo e expresando conclusións.  |                    |
| LGL  | Afiánzase no uso das novas tecnoloxías para escribir, presentar os textos e buscar información.   |                    |
| CN   | Usa coa axuda o tratamento de textos (título, axuste de páxina, número de páxina, inserción de ilustracións etc.).  |                    |
| CN   | Fai un uso adecuado das TIC como recurso de lecer.  |                    |
| CN   | Coñece e comprende as medidas de seguridade persoal que debe utilizar no uso das TIC ao seu alcance.  |                    |



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE Investe no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

|    |   |  |
|----|---|--|
| CN | Efectúa buscas guiadas de información na rede relacionadas con aspectos vinculados ao seu contexto próximo.   |  |
| CN | Coñece estratexias de acceso e traballo en Internet.  |  |
| CN | Utiliza, coa axuda do docente, algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar.   |  |
| CN | Presenta as tarefas de maneira ordenada, clara e limpia, en soporte papel e/ou dixital.   |  |
| CN | Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utilizando os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados, manifestando certo rigor na observación e na comunicación oral e escrita dos resultados (p. ex., caderno de campo, proxecto etc.). |  |
| CS | Utiliza as TIC (Internet) para coñecer a terminoloxía adecuada aos temas tratados na aula coa axuda do profesor.  |  |
| CS | Interpreta imaxes, esquemas e resumos e manexa as TIC en situacións de aula.  |  |
| CS | Utiliza recursos interactivos para localizar as liñas imaxinarias da superficie terrestre.  |  |
| CS | Utiliza a tecnoloxía para investigar sobre accións humanas que propician o cambio climático.  |  |



**UNION EUROPEA**  
**FONDO SOCIAL EUROPEO**  
 "O FSE Investe no teu futuro"



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
 27211 Guntín - Lugo  
 Tfno. 982 870 363  
 cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

**Perfil Competencia: COMPETENCIA APRENDER A APRENDER**

| Área | Estándar   | ADQUIRIDO (SI/NON) |
|------|--|--------------------|
| MAT  | Reflexiona sobre o proceso levado na resolución de problemas relacionados con situacións do contorno inmediato, revisa as operacións utilizadas e as unidades dos resultados, comproba e interpreta a coherencia das solucións no contexto da situación e busca outras formas de resolución. |                    |
| MAT  | Suscita novos problemas a partir dun resolto variando os datos, propoñendo novas preguntas, conectándoo coa realidade, buscando outros contextos etc.  |                    |
| MAT  | Desenvolve e mostra actitudes adecuadas para o traballo en matemáticas: esforzo, perseveranza, flexibilidade, aceptación da crítica razoada, estratexias persoais de autocorrección e espírito de superación.  |                    |
| MAT  | Suscita a resolución de retos e problemas do contorno inmediato con precisión, esmero e interese superando bloqueos e inseguridades ante situacións descoñecidas e utilizando a reflexión sobre os erros como método de aprendizaxe.   |                    |
| MAT  | Reflexiona sobre os problemas resoltos do contorno inmediato e sobre os procesos desenvolvidos, valorando as ideas clave, aprendendo para situacións futuras similares etc.  |                    |
| MAT  | Estima e comproba a coherencia do resultado dun problema mediante diferentes estratexias (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo e calculadora).  |                    |
| MAT  | Utiliza e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división en números naturais ata o millón e decimais ata as centésimas en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.  |                    |
| MAT  | Constrúe e memoriza as táboas de multiplicar, utilizándoas para realizar cálculo mental.   |                    |
| MAT  | Usa de forma áxil estratexias de cálculo mental explicando de forma oral o proceso seguido.  |                    |



**UNION EUROPEA**  
**FONDO SOCIAL EUROPEO**  
"O FSE Investe no teu futuro"



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

|     |   |  |
|-----|---|--|
| MAT | Aplica os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculos sobre espazos do contorno escolar e para interpretar situacións da vida diaria (construír un obxecto, embaldosar o chan, pintar un cuarto etc.).  |  |
| MAT | Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas do contorno inmediato, planificando a súa acción, organizando o traballo e revisando a súa correcta execución.  |  |
| MAT | Practica o método científico no tratamento de situacións problemáticas do contorno inmediato, sendo ordenado, organizado e sistemático na utilización de follas de rexistro, cadernos de notas, diarios etc. e na revisión e introdución das modificacións pertinentes.   |  |
| MAT | Planifica o proceso de traballo no tratamento de situacións problemáticas do contorno inmediato con preguntas adecuadas: Que quero pescudar?, Que teño?, Que busco?, Como o podo facer?, Non me equivoquei ao facelo?, A solución é adecuada?, Como se pode comprobar?...   |  |
| MAT | Distingue entre problemas e exercicios e aplica as estratexias adecuadas para cada caso con confianza e precisión.  |  |
| MAT | Desenvolve e aplica estratexias de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións e uso de exemplos) para crear e investigar conxecturas e construír e defender argumentos.   |  |
| MAT | Utiliza instrumentos de debuxo e aplicacións informáticas sinxelas para a construción e a exploración de formas xeométricas do seu contorno.  |  |
| MAT | Forma figuras planas e corpos xeométricos a partir da composición ou descomposición doutras, describindo aspectos concretos do resultado (número de lados, ángulos, caras etc.) e comparándoos con obxectos da vida cotiá.  |  |
| MAT | Fai e argumenta estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado (posible, imposible, seguro e máis ou menos probable) de situacións do contorno inmediato nas que intervén o azar.  |  |
| LGL | Exprésase por escrito dunha maneira coherente seguindo os pasos propios do proceso de produción dun escrito: planificación, escritura e revisión.   |  |
| LGL | Utiliza de forma habitual distintos recursos (diccionario, textos, Internet...) para ampliar o seu vocabulario.   |  |
| LGL | Elabora textos que lle permiten progresar na autonomía para aprender (resumos, esquemas, informes, descricións, explicacións).  |  |
| LGL | Coida os aspectos formais dos textos escritos tanto en formato dixital coma en papel.   |  |
| LGL | Utiliza as bibliotecas ao seu alcance dunha maneira activa e autónoma.  |  |
| LGL | Comprende os mecanismos e os procedementos de organización e selección de obras e doutros materiais.  |  |
| LGL | Colabora no coidado e na mellora dos materiais bibliográficos e doutros documentos dispoñibles na aula e no centro.   |  |
| LGL | Planifica e redacta textos seguindo uns pasos: planificación, redacción, revisión e mellora. Determina con antelación como será o texto, a extensión, a presentación etc. Adapta a expresión á intención, tendo en conta o interlocutor e o asunto de que se trata. Presenta os escritos con limpeza, claridade, precisión e orde. Reescribe o texto. |  |
| LGL | Exprésase por escrito dunha maneira coherente seguindo os pasos propios do proceso de produción dun escrito: planificación, escritura e revisión.   |  |
| LGL | Utiliza de forma habitual distintos recursos (diccionario, textos, Internet...) para ampliar o seu vocabulario.   |  |
| LGL | Elabora textos que lle permiten progresar na autonomía para aprender (resumos, esquemas, informes, descricións, explicacións).  |  |
| LGL | Coida os aspectos formais dos textos escritos tanto en formato dixital coma en papel.   |  |





**UNION EUROPEA**  
**FONDO SOCIAL EUROPEO**  
"O FSE Investe no teu futuro"



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

|     |   |  |
|-----|---|--|
| LGL | Utiliza as bibliotecas ao seu alcance dunha maneira activa e autónoma.  |  |
| LGL | Comprende os mecanismos e os procedementos de organización e selección de obras e doutros materiais.  |  |
| LGL | Colabora no coidado e na mellora dos materiais bibliográficos e doutros documentos dispoñibles na aula e no centro.   |  |
| LGL | Planifica e redacta textos seguindo uns pasos: planificación, redacción, revisión e mellora. Determina con antelación como será o texto, a extensión, a presentación etc. Adapta a expresión á intención, tendo en conta o interlocutor e o asunto de que se trata. Presenta os escritos con limpeza, claridade, precisión e orde. Reescribe o texto. |  |
| CN  | Desenvolve, de forma guiada, estratexias sinxelas adecuadas para acceder á información dos textos de carácter científico.   |  |
| CN  | Realiza experiencias sinxelas e pequenas investigacións sobre o ser humano, a saúde, os seres vivos etc. iniciándose na formulación de problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, extraendo conclusións sinxelas e comunicando os resultados.   |  |
| CN  | Coñece e aplica, habitualmente, estratexias para estudar e traballar de xeito eficaz (por exemplo resumos, esquemas, mapas conceptuais etc.).   |  |
| CN  | Reflexiona sobre o traballo realizado e saca conclusións sobre como traballa e aprende.   |  |
| CN  | Manifesta autonomía na planificación e na execución de accións e tarefas sinxelas.  |  |
| CN  | Manifesta e desenvolve certa iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.  |  |
| CN  | Planifica de forma autónoma actividades individuais de lecer e tempo libre que repercuten positivamente no seu modo de vida.  |  |
| CN  | Utiliza, con axuda, guías na identificación de animais e plantas dos contornos próximos (parques, arredores da localidade, montes próximos, ribeiras, bosques etc.).  |  |
| CS  | Interpreta imaxes, esquemas e resumos e manexa as TIC en situacións de aula.  |  |
| CS  | Planifica e realiza traballos e presentacións a nivel individual e de grupo que supoñen a procura, selección, interpretación e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico na aula.   |  |
| CS  | Traballa cuns datos dados e represéntaos nunha pirámide de poboación ou nun diagrama de barras.   |  |
| CS  | Investiga a través de diferentes fontes cal é a situación actual da súa localidade con respecto ao traballo e elabora unha táboa ou un esquema que a explique.  |  |
| CS  | Investiga o abandono das zonas rurais de Galicia en casos concretos manexando datos de poboación, de servizos etc. do pasado e do presente.   |  |
| CS  | Explica as orixes das materias primas e describe algúns procesos da súa obtención.  |  |
| CS  | Busca empresas en Galicia e compáraas con outras do mesmo sector en España de acordo a unhas variables dadas: produto, tamaño, produción etc.   |  |
| CS  | Explica e compara as diferenzas dos dous períodos nos que se divide a Prehistoria e describe as características básicas das formas de vida nestas dúas épocas, comunicándoo oralmente e/ou por escrito.   |  |
| CS  | Recolle información dos feitos e dos fenómenos dados e comunícaa oralmente.   |  |
| CS  | Utiliza con precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados, reflexionando posteriormente sobre o proceso de aprendizaxe cunhas pautas dadas.  |  |
| CS  | Documéntase sobre a Constitución a través de diferentes fontes e elabora un traballo sobre os seus principios democráticos máis importantes (individual/grupo) para expoñelo na aula.   |  |



**UNION EUROPEA**  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE Investe no teu futuro"



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

**Perfil Competencia: COMPETENCIA SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR**

| Área | Estándar   | ADQUIRIDO (SI/NON) |
|------|--|--------------------|
| MAT  | Realiza un proxecto relacionado co contorno inmediato elaborando e presentando un informe con documentos dixitais (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, mapa conceptual etc.), buscando, analizando e seleccionando a información relevante, utilizando a ferramenta tecnolóxica adecuada e compartíndoo cos seus compañeiros.          |                    |
| MAT  | Suscita novos problemas, a partir dun resolto variando os datos, propoñendo novas preguntas, conectándoo coa realidade, buscando outros contextos etc.   |                    |
| MAT  | Elabora informes en diferentes soportes (presentacións, gráficos, textos etc.) sobre o proceso de investigación realizado a partir de cuestións concretas de carácter matemático do contorno inmediato, expoñendo as súas fases e valorando, coa axuda de pautas definidas, os resultados e as conclusións obtidas.                        |                    |
| MAT  | Toma decisións nos procesos de resolución de problemas do contorno inmediato, valorando a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade en función de referencias en situacións e coñecementos previos.  |                    |
| LGL  | Participa en situacións de comunicación da aula respectando a quenda de palabra, escoitando as intervencións e incorporando as opinións dos outros.  |                    |
| LGL  | Exprésase oralmente dunha maneira organizada e coherente segundo a situación comunicativa.   |                    |
| LGL  | Produce oralmente relatos e exposicións na clase.  |                    |
| LGL  | Explica oralmente as principais reflexións sobre os aspectos que aprende.  |                    |
| LGL  | Exprésase por escrito dunha maneira coherente seguindo os pasos propios do proceso de produción dun escrito: planificación, escritura e revisión.  |                    |
| LGL  | Utiliza as bibliotecas ao seu alcance dunha maneira activa e autónoma.   |                    |
| LGL  | Prepara reportaxes sobre temas do seu contorno e transforma en noticias feitos cotiáns próximos á súa realidade, axustándose á estrutura e á linguaxe propias do xénero e imitando modelos.  |                    |
| LGL  | Escribe diferentes tipos de texto adecuando a linguaxe ás características do xénero e do tipo de texto: diarios, opinións e entradas en blogs, cartas, correos electrónicos, noticias e periódicos, a partir da imitación de textos modelo ou sen modelos de referencia, encamiñados a desenvolver a súa capacidade creativa na escritura. |                    |
| LGL  | Presenta informes e traballos máis extensos de maneira ordenada e clara, utilizando soporte papel e dixital, sobre problemas ou situacións sinxelas.   |                    |
| LGL  | Planifica e redacta textos seguindo uns pasos: planificación, redacción, revisión e mellora. Presenta os escritos con limpeza, claridade, precisión e orde. Reescribe o texto.   |                    |
| CN   | Manifesta progresiva autonomía na planificación e na execución de accións e tarefas presentando certa iniciativa na toma de decisións.   |                    |



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE Investe no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

|    |   |  |
|----|---|--|
| CN | Constrúe, coa axuda do docente, algunha estrutura sinxela que cumpra unha función ou condición para resolver un problema doado a partir de pezas moduladas (escaleira, ponte, tobogán etc.).                                    |  |
| CN | Identifica e constrúe, coa axuda do docente, un circuíto eléctrico sinxelo: pila, cables, lámpadas, motor e interruptor.  |  |
| CS | Realiza con responsabilidade e esforzo as tarefas encomendadas e presenta os traballos de xeito ordenado, claro e limpo.  |  |
| CS | Mostra actitudes de confianza en si mesmo, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor que o fan activo ante as circunstancias que o rodean na aula, na familia e no colexio. |  |
| CS | Manifesta autonomía na planificación e na execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións de grupo.  |  |
| CS | Analiza as condutas de exemplos concretos de persoas que souberon ver a oportunidade e puxeron o seu talento e o seu esforzo ao servizo dos seus fins.  |  |



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE Investe no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

### Perfil Competencia: COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

| Área | Estándar   | ADQUIRIDO (SI/NON) |
|------|--|--------------------|
| LGL  | Participa en situacións de comunicación da aula gardando a quenda de palabra, escoitando as intervencións dos outros e incorporando as opinións dos outros.  |                    |
| LGL  | Produce textos propios de uso habitual (cartas, normas, programas de actividades, convocatorias, plans de traballo colectivos, noticias, entrevistas, recensións) e textos referidos a feitos próximos á experiencia.  |                    |
| LGL  | Colabora no coidado e na mellora dos materiais bibliográficos e doutros documentos dispoñibles na aula e no centro.  |                    |
| LGL  | Pon interese e esfórzase por escribir correctamente (grafía, orde, limpeza e estética) de forma persoal, creativa e con sensibilidade.   |                    |
| LGL  | Recoñece algunhas das características relevantes da diversidade lingüística en España e das variedades dialectais do galego.   |                    |
| CN   | Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, resolvendo de forma dialogada os conflitos axudado dun proceso de conciliación.   |                    |
| CN   | Coñece e respecta as normas de uso e de seguridade dos instrumentos e dos materiais de traballo (por exemplo no laboratorio, na aula etc.).  |                    |
| CN   | Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e o mantemento dos diferentes órganos e aparatos.   |                    |
| CN   | Identifica hábitos saudables para previr enfermidades e mantén unha conduta responsable.   |                    |
| CN   | Coñece e comprende os efectos nocivos do consumo do alcol e do tabaco, sobre todo en idades temperás.  |                    |
| CN   | Identifica, comprende e describe emocións e sentimentos propios dos seus compañeiros e dos adultos manifestando condutas empáticas.  |                    |
| CN   | Planifica de forma autónoma actividades individuais de lecer e tempo libre que repercuten positivamente no seu modo de vida.   |                    |
| CN   | Mostra condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.  |                    |
| CN   | Respecta e comprende as normas de uso e de seguridade dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo.   |                    |
| CN   | Coñece, comprende e respecta as normas de uso e de seguridade dos instrumentos e dos materiais de traballo na aula e no centro.  |                    |
| CN   | Coñece os principios das dietas equilibradas, identificando as prácticas saudables para previr e detectar os riscos para a saúde.  |                    |
| CN   | Identifica e explica os beneficios e os riscos relacionados coa utilización da enerxía: esgotamento, chuvia ácida e radioactividade.   |                    |
| CS   | Utiliza estratexias para realizar traballos en equipo, adoptando un comportamento responsable e construtivo na aula.   |                    |
| CS   | Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable e construtivo e respecta os principios básicos do funcionamento democrático (respectar a quenda de palabra e as opinións, escoitar os demais e argumentar e tomar decisións conxuntas). |                    |
| CS   | Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre os diferentes grupos humanos sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos no colexio.  |                    |
| CS   | Participa dun xeito eficaz e construtivo na vida social da aula e do colexio e crea e utiliza estratexias para resolver conflitos nos grupos de referencia.  |                    |
| CS   | Identifica e utiliza os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e contornos (escola, familia e barrio).   |                    |
| CS   | Valora e apoia a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos, exercitando prácticas democráticas en situacións de toma de decisións con apoio do mestre.   |                    |
| CS   | Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo, valora as ideas alleas e reacciona con intuición, apertura e flexibilidade ante elas en   |                    |



**UNION EUROPEA**  
**FONDO SOCIAL EUROPEO**  
 "O FSE Investe no teu futuro"



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
 27211 Guntin - Lugo  
 Tfno. 982 870 363  
 cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

|    |  |  |
|----|--|--|
|    | situacións da aula.  |  |
| CS | Planifica traballos en grupo, coordina equipos, toma decisións e acepta responsabilidades no traballo en equipo.   |  |
| CS | Valora a importancia de coidar a atmosfera e enumera algunhas razóns.  |  |
| CS | Observa en imaxes e explica a influencia do comportamento humano no medio natural e propón medidas para o desenvolvemento sustentable da humanidade.   |  |
| CS | Utiliza a tecnoloxía para investigar sobre accións humanas que propician o cambio climático.   |  |
| CS | Identifica os factores que inflúen na poboación dun territorio e fai inferencias sobre eles ante uns datos dados.  |  |
| CS | Compara a situación actual cunha situación previa para apreciar a evolución nese territorio e establece xeneralizacións se é posible.  |  |
| CS | Diferencia os conceptos de emigración e inmigración e identifica ambos os dous movementos migratorios con casos concretos documentándose na súa realidade.   |  |
| CS | Respecta os restos históricos e recoñece o valor que o patrimonio arqueolóxico monumental de España e de Galicia nos achega para o coñecemento do pasado.  |  |
| CS | Respecta e asume o comportamento que se debe cumprir cando se fai unha visita a un museo ou a un edificio antigo.  |  |
| CS | Documéntase sobre a Constitución a través de diferentes fontes e elabora un traballo sobre os seus principios democráticos máis importantes (individual/grupo) para expoñelo na aula.  |  |
| CS | Planifica e realiza traballos e presentacións a nivel individual e de grupo que supoñen a procura, selección, interpretación e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico na aula.                                      |  |
| CS | Nomea as principais institucións do Estado español e asóciaas coa división de poderes.   |  |
| CS | Sitúa nun mapa as comunidades e as cidades autónomas de España e as súas provincias.   |  |
| CS | Relaciona cada comunidade autónoma coas súas linguas, tradicións e algunhas das súas manifestacións culturais completando un mapa conceptual.  |  |
| CS | Investiga a través de diferentes fontes cal é a situación actual da súa localidade con respecto ao traballo e elabora unha táboa ou un esquema que a explique.   |  |
| CS | Enumera os factores que condicionan o crecemento/decrecemento dunha poboación describindo as consecuencias.  |  |
| CS | Investiga o abandono das zonas rurais de Galicia en casos concretos manexando datos de poboación, de servizos etc. do pasado e do presente.  |  |
| CS | Explica ante un produto dado algunhas das materias primas que o compoñen e traça o seu proceso de elaboración ata o produto final (por exemplo cun organizador).   |  |
| CS | Busca empresas na súa comunidade autónoma e compáraas con outras do mesmo sector en España de acordo a unhas variables dadas: produto, tamaño, produción, etc.   |  |
| CS | Define e relaciona o concepto de Idade Media e de Idade Moderna datando os feitos que marcan os seus inicios e os seus finais, nomeando algunhas fontes da historia e comunicándoo oralmente e/ou por escrito.                                 |  |
| CS | Explica a importancia da escritura, da agricultura e da gandaría como descubrimentos que cambiaron profundamente as sociedades humanas e comunícao oralmente e/ou por escrito.   |  |
| CS | Describe cronoloxicamente os principais movementos artísticos e culturais das distintas etapas da historia de Galicia e de España (Prehistoria, Idade Antiga, Idade Media e Idade Moderna) citando os seus representantes máis significativos. |  |
| CS | Explica e compara as diferenzas dos dous períodos nos que se divide a Prehistoria e describe as características básicas das formas de vida nestas dúas épocas e comunícao oralmente e/ou por escrito.  |  |



**UNION EUROPEA**  
**FONDO SOCIAL EUROPEO**  
"O FSE Investe no teu futuro"



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

|    |  |  |
|----|--|--|
| CS | Data a Idade Antiga e describe as características básicas da vida naquel tempo, en especial as referidas á romanización, e comunícao oralmente e/ou por escrito.   |  |
| CS | Identifica e secuencía os trazos distintivos das culturas que conviviron nos reinos peninsulares durante a Idade Media, describindo a evolución política e os distintos modelos sociais e comunicándoo oralmente e/ou por escrito.                               |  |
| CS | Explica as características da Idade Moderna e algúns dos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia neste período (monarquía dos Austrias, séculos XVI e XVII, os Borbóns e século XVIII) e comunícao oralmente e/ou por escrito. |  |



**UNION EUROPEA**  
**FONDO SOCIAL EUROPEO**  
 "O FSE Investe no teu futuro"



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
 27211 Guntín - Lugo  
 Tfno. 982 870 363  
 cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

**Perfil Competencia: COMPETENCIA CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI**

| Área | Estándar   | ADQUIRIDO (SI/NON) |
|------|--|--------------------|
| MAT  | Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións.  |                    |
| LGL  | Utiliza a biblioteca para ler textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.   |                    |
| CS   | Relaciona cada comunidade autónoma coas súas linguas, tradicións e algunhas das súas manifestacións culturais completando un mapa conceptual.  |                    |
| CS   | Identifica e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico de España e de Galicia e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora, apadriñando un elemento do patrimonio.   |                    |
| CS   | Aprecia a herdanza cultural a escala local, autonómica e nacional como riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.   |                    |
| CS   | Explica e compara as diferenzas dos dous períodos nos que se divide a Prehistoria e describe as características básicas das formas de vida nestas dúas épocas e comunícao oralmente e/ou por escrito.  |                    |
| CS   | Explica as características da Idade Moderna e algúns dos acontecementos que determinaron os cambios fundamentais no rumbo da historia neste período de tempo (monarquía dos Austrias, séculos XVI e XVII, os Borbóns e século XVIII) e comunícao oralmente e/ou por escrito. |                    |





UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE Investe no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

## **9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.**

A avaliación do proceso de ensino e a práctica docente será continua ao longo do curso académico. Algúns dos indicadores para avaliar a nosa práctica docente serán:

1. Análise dos resultados obtidos nas avaliacións.
2. O grao mínimo de adquisición dos estándares de aprendizaxe por parte do alumnado.
3. O grao de interese e motivación do alumnado cara a materia.
4. O clima de convivencia observado na aula
5. O grao de adquisición da autonomía do alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

## **10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.**





UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE Investe no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

Nas primeiras semanas do curso, durante o mes de setembro, avaliarase mediante actividades o nivel de coñecementos previos do alumnado para observar o grao de comprensión lectora, análise e resolución de problemas, así como o grao de coñecementos concretas desta materia.

Como mínimo debemos coñecerse a seguinte información relativa ao grupo de alumnos/as:

- Ñ O número de alumnos e alumnas.
- Ñ O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- Ñ As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- Ñ As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- Ñ As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Ñ Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos
- Ñ Os tipos de recursos que se necesitan adaptar no nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Para levar a cabo esta avaliación inicial realizaranse: probas escritas, exposicións orais, traballos individuais e en grupo, observación do traballo na aula, participación en debates,... A información desta avaliación inicial transmitirase ás



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE Investe no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

familias a través das titorías individualizadas e orientará o traballo do mestre/a, do alumno e da colaboración e participación das familias no proceso de ensino aprendizaxe do seu fillo/a.

### **Necesidades individuais**

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos alumnos/as; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou individualización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe (débase ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica por estaren en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar (planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE Investe no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

empregar.

- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

## **11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

Intentaremos ofrecer unha atención á diversidade, dentro do posible, tanto na programación como na metodoloxía. Así, farase dependendo de cada caso, unha distinción de niveis. Nun primeiro nivel presentaranse as ideas xerais e básicas sobre o tema concreto, para pasar logo a un segundo nivel de profundización. O primeiro nivel deberá ser asimilado por tódolos alumnos, en tanto que os contidos do segundo nivel poden ser traballados máis ou menos profundamente segundo as capacidades de cada alumno en concreto.



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE Investe no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

As actividades de cada nivel tamén deberán reflectir esa diversidade. Haberá unha serie de actividades que servirán para comprobar o grao de comprensión dos contidos básicos por parte do alumno e corrixir contidos mal aprendidos e outra serie de actividades para comprobar a capacidade de xuízo crítico e de análise de problemas por parte dos alumnos.

## **12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

As Actividades Complementarias e extraescolares están recollidas na Programación Xeral Anual. Estarase aberto ó longo do curso a calquera actividade que poida xurdir e resulte de interese para o alumnado.

## **13. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

Ao longo do curso iremos revisando, avaliando e modificando a programación didáctica en función do análise do desenvolvemento da mesma e dos resultados académicos obtidos, establecendo propostas de mellora en cada un dos apartados, segundo a táboa que a continuación se detalla:



**UNION EUROPEA**  
**FONDO SOCIAL EUROPEO**  
 "O FSE Investe no teu futuro"



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
 27211 Guntín - Lugo  
 Tfno. 982 870 363  
 cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

| ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  |  | RESULTADOS ACADÉMICOS | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|--|-----------------------|----------------------|
| <b>Preparación da clase e dos materiais didácticos</b>  | Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases.  |                       |                      |
|   | Existe unha distribución temporal equilibrada.   |                       |                      |
|   | O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.   |                       |                      |
| <b>Utilización dunha metodoloxía adecuada</b>   | Tivéronse en conta aprendizaxes significativas.<br>Considérase a interdisciplinabilidade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).                               |                       |                      |
|   | A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.  |                       |                      |
| <b>Regulación da práctica docente</b>   | Grao de seguimento dos alumnos.  |                       |                      |
|   | Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.   |                       |                      |
|   | Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.   |                       |                      |
| <b>Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e ás familias</b> | Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.  |                       |                      |
|   | Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.   |                       |                      |
|   | Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.   |                       |                      |
|   | Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aos alumnos.</li> <li>• Ás familias.</li> </ul> |                       |                      |



**UNION EUROPEA**  
**FONDO SOCIAL EUROPEO**  
 "O FSE Investe no teu futuro"



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
 27211 Guntín - Lugo  
 Tfno. 982 870 363  
 cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

|   |   |     |     |
|---|---|-----|-----|
| <b>Utilización de medidas para a atención á diversidade</b> | Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.                           |     |     |
|   | Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.                                   |     |     |
|   | As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.   |     |     |
|   | Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo os informes psicopedagóxicos. |     |     |
| ...   | ...   | ... | ... |



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE Investe no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntin - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

## AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

| ADECUACIÓN DA PLANIFICACIÓN  |   | RESULTADOS ACADÉMICOS | PROPOSTAS DE MELLORA |
|--|---|-----------------------|----------------------|
| – Preparación da clase e dos materiais didácticos  | Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases.   |                       |                      |
|  | Existe unha distribución temporal equilibrada.  |                       |                      |
|  | O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.  |                       |                      |
| – Utilización dunha metodoloxía adecuada   | Tivéronse en conta aprendizaxes significativas.   |                       |                      |
|  | Considérase a interdisciplinabilidade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).                           |                       |                      |
|  | A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.                             |                       |                      |
| – Regulación da práctica docente   | Grao de seguimento dos alumnos.   |                       |                      |
|  | Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.  |                       |                      |
|  | Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.  |                       |                      |
| – Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e ás familias | Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.                   |                       |                      |
|  | Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.                            |                       |                      |
|  | Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.                          |                       |                      |
|  | Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer:<br>-Aos alumnos.<br>-Ás familias. |                       |                      |
|  |   |                       |                      |
| – Utilización de medidas para a atención á diversidade                                     | Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.                                   |                       |                      |
|  | Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.   |                       |                      |
|  | As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.   |                       |                      |
|  | Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo os informes psicopedagóxicos.         |                       |                      |



**UNION EUROPEA**  
**FONDO SOCIAL EUROPEO**  
"O FSE Investe no teu futuro"



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



*Estrada s/n*  
*27211 Guntín - Lugo*  
*Tfno. 982 870 363*  
[cpi.tino.grandio@edu.xunta.es](mailto:cpi.tino.grandio@edu.xunta.es)